

Macromagnitudes das Administracións Públicas COMUNICADO

INCREMENTO DO 11,6% NOS ORZAMENTOS DA XUNTA NO ANO 2005 CON RESPECTO AO 2004

Os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2005 ascenden a 8.824 millóns de euros

As liquidacións orzamentarias da Xunta de Galicia no ano 2003 ascenderon a 7.734 millóns de euros de ingresos e a 7.799 millóns de euros no apartado de gastos, o que supón un incremento con respecto ao ano 2002 do 7,1% dos ingresos e do 9,1% dos gastos. Nos ingresos, a maior partida corresponde ás transferencias correntes, que cun valor de 3.562 millóns de euros, representa o 46,1% do ingreso total. Nos gastos destacan tamén as transferencias correntes que corresponden ao 48,0% do gasto total liquidado no ano 2003.

En canto aos orzamentos para o ano 2005, ascenden a 8.824 millóns de euros, un 11,6% superiores aos correspondentes ao ano 2004. Os ingresos correntes constitúen o 85,4% do total de ingresos previstos para o ano 2005. No apartado dos gastos previstos, a maior parte está destinada a transferencias correntes, en concreto un 48,1% da cantidade total presupostada, seguida dos gastos de persoal, cun 17,9% do total.

O 88,2% do volume de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos galegos corresponde ao Sergas

A suma dos orzamentos do conxunto dos Organismos Autónomos de Galicia para o ano 2005 ascende a 3.120 millóns de euros, un 10,3% superior á do ano 2004. O Servizo Galego de Saúde (Sergas) é o que, cun orzamento de 2.752 millóns de euros, representa a maior parte dos ingresos e gastos deste total.

As universidades galegas prevén para o ano 2005 unhas cifras de 399 millóns de euros

Das tres universidades galegas, a de Santiago cifra as súas previsións de gastos e ingresos para o ano 2005 en 190 millóns de euros, un 1,6% superiores ás do ano 2004, mentres que a de Vigo en 123 millóns de euros (3,5% superiores ás do ano anterior) e a da Coruña en 92 millóns de euros (inferiores nun 0,7% ás do ano 2004).

A Administración do Estado en Galicia incrementou en 2003 os seus gastos de funcionamento

Os chamados “gastos de funcionamento” dos servizos, constituídos polos gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos (capítulos I e II de gastos) no ano 2003 para a Administración do Estado en Galicia ascenderon a 450 millóns de euros, un 9,0% superiores aos do ano 2002.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es